

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 9 DE XUÑO DE 2020

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 13 horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

ASISTENTES:

Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).

Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).

José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

María Jesús García Souto (PP).

Ángel López Fidalgo (PP).

Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN EXTRAORDINARIAS E ORDINARIAS DO PLENO DE 7.01.2020, 03.02.2020 e 10.03.2020.

Toma a palabra o sr. alcalde para preguntar se alguén querer facer algunha intervención ao respecto.

A Sra. García intervén sinalando que a acta da sesión ordinaria de 07.01.2020 está redactada de maneira moi xenérica, xa que que di que se discute un asunto pero sen especificar os argumentos ofrecidos por cada un . Propón que se graben os plenos e que o que se recolla na acta sexa reflexo fiel porque o seu grupo ven aos plenos co ánimo de aportar o seu punto de vista e quere que se recolla nas actas.

Sometida a votación os borradores das actas ,quedan aprobadas por 7 votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PSOE e 2 abstención dos concelleiros do grupo municipal do PP.

SEGUNDO.- APROBACIÓN DO PRESUPOSTO DE 2020 E A PLANTILLA DE PERSOAL.

Toma a palabra o Sr. Alcalde que expón o contido da súa proposta que transcrita literalmente di:

"Exp. 2020/G012/000001; 2020/T004/000001

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: aprobación do presuposto e a plantilla de persoall de 2020.

Con data 1 de xuño de 2020 finalizouse a elaboración do presuposto do 2020 comprensivo dos seguintes documentos:

- a) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.*
- b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, a 30 de abril de 2020.*
- c) Anexo de persoal da Entidade Local.*
- d) Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.*
- e) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local.*
- f) Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigación de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral e das obrigación pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que devanditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.*
- g) Un informe económico-financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a*

suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións exixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

Considerando que na súa tramitación cumpríronse os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 164, 165, 166 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto desta Lei.

Visto o informe de Secretaría-Intervención de data 01.06.2020 e o informe de Secretaría-Intervención de data 01.06.2020, sobre o cumprimento da Lei orgánica 2/2013, de 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira,

Realizada a tramitación legalmente establecida propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio de 2020, quedando fixada a súa contía, en GASTOS con un total de DOUS MILLÓNS NOVECENTOS DEZ MIL CATROCENTOS SETENTA EUROS **(2.910.470,00.-€)** e en INGRESOS nun total de de DOUS MILLÓNS NOVECENTOS DEZ MIL CATROCENTOS SETENTA EUROS **(2.910.470,00.-€)** asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

<u>CAP.</u>	<u>DESCRIPCIÓN</u>		
<u>CONSIGNACIÓN</u>			<u>(%)</u>

A) OPERACIÓNS CORRENTES

1	GASTOS DE PERSONAL.....	790.352,00	27,15
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	Y1.269.562,00	43,62
3	GASTOS FINANCIEROS	0.00	0,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	97.114,00	3,33

5 FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS 0,00 0,00
IMPREVISTOS

**TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES..... 2.157.028,0 74,11
0**

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

6 INVERSIONES REALES 745.742,00 25,62

7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL 7.700,00 0,26

8 ACTIVOS FINANCIEROS 0,00 0,00

9 PASIVOS FINANCIEROS 0,00 0,00

**TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL..... 753.442,0 25,89
0**

**TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS.....
2.910.470,00 € 100,000**

ESTADO DE INGRESOS

CAP (%)	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN
------------	-------------	--------------

A) OPERACIÓNS CORRENTES

1 IMPUESTOS DIRECTOS 520.900,00 17,90

2 IIMPUESTOS INDIRECTOS 60.000,00 2,06

3 TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS 167.800,00 5,76
INGRESOS

4 TRANSFERENCIAS CORIENTES 1.454.695,00 49,98

5 INGRESOS PATRIMONIALES 500,00 0,0017

**TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES..... 2.203.895,0 75,72
0**

B) OPERACIÓN DE CAPITAL

6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES 0,00	0,000
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	706.575,00 24,28
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 0,000
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 0,000
	TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL.....	706.575,00 24,28
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS.	2.910.470,00 €
	100,000	

Segundo.- Aprobar igualmente as Bases de Execución de dito Orzamento.

Terceiro.- Aprobar a plantilla do persoal deste Concello para este exercicio en cumprimento do disposto no artigo 126.1 do Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, e que se relaciona detalladamente no "Anexo do Persoal" do meritado Presupuesto.

Cuarto.- Que se expoña ao público polo prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de exame e reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Quinto.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xuntamente coa plantilla do persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo

Sexto.- Que, de conformidade co número 4 do mesmo artigo 169 do RDL 2/2004, se remita copia do referido presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. "

Abre o turno de intervencións a sra. García que afirma que lle gustaría que o presuposto que se trae ao pleno, que é o que vai marcar as directrices do concello durante o ano, que non pode limitarse a ler as partidas senón que ten que ofrecer explicacións máis concretas. Afirma que dende o seu punto de vista é un presuposto tardío xa que debe aprobarse a finais de ano e

ademáis se leva arrastrando un presuposto prorrogado dende o ano 2017. Por outra parte o califica de decepcionante, continuista e que non se basa nas necesidades reais do concello o que queda patente nos informes da secretaria-interventora. Continua a súa intervención sinalando que lle parece impresionante que na situación actual se incrementen en un 18% os ingresos que saen dos impostos municipais, en concreto o IBI de urbana se incrementa en 15% e o de rústica en un 44%.

Intervén o sr. alcalde e explica que eso deriva das actualizacións que fixo Catastro. O tipo de gravame do IBI é o mesmo que o de os anos anteriores.

Intervén a sra. García e afirma que o que se ve é que a previsión de ingresos do IBI do último presuposto é de 458.000,00 € e neste presuposto do 2020 é de 520.000,00 € o que supón un 15% máis.

Intervén o sr. alcalde e afirma que nesa cantidade se recolle tamén o IBI de características especiais, o IVTM, o IAE etc..e detalla as cantidades.

Resposta s sra. García que debe baixar os impostos aos veciños e se non o fai explicarlles os motivos.

Resposta o sr. alcalde que cando se poidan baixar os impostos o fará.

Intervén de novo a sra. García e afirma que iso entra en confrontación co feito de que o ano pasado se gastaran case 1.000.000,00 € a lo loco.

Intervén o sr. alcalde e afirma que non se están subindo os impostos, outra cousa é que no ano 2018 houbo unha revisión catastral e se deron de alta numerosos inmobles que non estaban.

Quere deixar claro que o seu partido dende que está gobernando non subiu os impostos.

Intervén de novo a sra. García e afirma que o IBI de urbana subeu de 194.000,00 € a 280.000,00 €, case un 47% e que debería plantearse unha modificación da ordenanza fiscal e baixar o tipo impositivo.

O sr. Alcalde afirma que se pasa a ter un presuposto de 2.910.470,00 €, e que son uns presupostos realistas e obxectivos para intentar cumprir coas demandas dos veciños.

A sra. García apunta que os gastos sofren un incremento do 30% pero o gasto en inversión baixa.

Reitera que están en contra destes presupostos, moi alonxados do que necesita este concello e lle pregunta ao alcalde se lle parece lóxico que o ano pasado se gastaran cerca de 1.000.000,00 € con cargo ao remanente de tesourería e que espera que non volva a ocorrer e se corrixa a situación.

Responde o sr. alcalde se nese expediente ve que conste informe negativo de secretaría ao que responde a sr. García que o ve no informe da secretaria-interventora da liquidación do exercicio 2019 no que emite informe desfavorable polo incumprimento da regra de gasto e da estabilidade presupostaria.

Responde o sr. alcalde que hai que facer un plan económico financeiro pero que considera que se ten que gastar porque hai necesidades da poboación o vai a facer.

Intervén a sra. García e sinala que as axudas e subvencións teñen que se obxectivas e que ve que se manteñen as subvencións de sempre.

Responde o sr. alcalde que tamén se contemplan axudas a empresas polo importe de 24.500,00 € e axudas á natalidade polo importe de 5.000 € e que segundo avance o ano se estudiará ampliar as partidas para novas subvencións.

Intervén a sra. García e afirma que iso xa se tiña que ter valorado, xa que se leva un ano de retraso.

Responde o sr. alcalde que houbo problemas polo continuo cambio de secretarios e tamén pola situación xerada polo COVID.

A sra. García sinala que o presuposto xa se podía haber feito coa anterior secretaria e que polo que se ve se está aprobando un presuposto xa pensando en modificalo.

Intervén o sr. alcalde e afirma que neste presuposto se incrementan as inversións.

A sra. García afirma que hai un 10% menos de inversión con respecto ao último presuposto aprobado do exercicio 2017.

Continua a súa intervención e sinala que chama a atención a referencia a situación da pandemia, algo que é mundial e imprevisto. O tecido empresarial deste concello sufriu o mesmo parón que o resto dos concellos. O seu grupo fixo unha proposta de adopción de medidas polo Concello como as seguintes: que se apliquen medidas fiscais como a redución dos tipos de gravamen existente, ó obxecto de reducir as cuotas de IBI e IVTM, que se bonifique ó 100% o custe da taxa de abastecemento de auga, saneamento e depuración, a aquelas empresas que o estén pagando, durante o tempo que dure o estado de alarma ou restricción de actividade, que se bonifique ó 100% a taxa de recollida e tratamento de residuos durante o tempo que dure o estado de alarma etc...

O sr. alcalde responde que non pode traer ao pleno propostas que estean fora da legalidade e que estas primeiras axudas para as empresas son para

sufragar os gastos da adquisición de EPIS e que nunha segunda fase se ten previsto crear unha plataforma web para as empresas do concello.

A sra. García lle di ao alcalde que se quixera compensar ás empresas podería facelo.

O sr. alcalde contesta que a sra. García estivo un ano exercendo de alcaldesa e que non baixou ningún imposto.

A sra. García afirma que non tiña ningunha axuda xa que os da oposición non viñan os plenos, afirma que é un argumento moi barato dicir que hai 4 anos non se fixo nada cando o sr. alcalde leva 3 anos gobernando.

Intervén o sr. alcalde e di que teñen que ter claro que ao seu grupo os puxeron para gobernar e a eles para fiscalizar.

Intervén a sra. García e afirma que efectivamente a eles os puxeron para fiscalizar e iso están facendo e que fiscalizar consiste en facer as preguntas que considere necesarias e que deberían de responder ás preguntas feitas e facilitar a documentación solicitada. Presentaron varios escritos solicitando documentación e que non obtiveron resposta.

Intervén o sr. alcalde e sinala que dende o 14 de marzo estamos en estado de alarma que supuxo a suspensión dos prazos.

Intervén a sra. García e afirma que lle gustaría saber se él tiña a mesma sensación cando estaba na oposición.

Por último sinala que presentaron propostas de medidas diferentes e que se ignoraron, non se tiveron en conta neste presuposto.

Rematado o debate procédese a votación da proposta da Alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

En contra (2): María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

Como resultado da votación a proposta da alcaldía queda aprobada.

TERCEIRO.- APROBACIÓN DO PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE SOBRADO

Toma a palabra o Sr. Alcalde que expón o contido da súa proposta que transcrita literalmente di:

“O Concello de Sobrado, adheriuse en novembro de 2019 ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Con data 4 de decembro de 2019, a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural, en virtude de dito convenio, remitiu ao Concello o Plan de Prevención de Incendios Forestais e defensa contra os incendios forestais elaborado por Seaga en novembro.

Con data 22 de abril de 2020 solicitouse informe preceptivo e vinculante á Consellería de Medio Rural en virtude do previsto no artigo 16.3 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Con data 14 de maio de 2020 (registro de entrada n.º 20200000000374) recibese informe favorable de data 24 de abril de 2020 á delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os incendios forestais do Concello de Sobrado.

Visto o establecido no artigo 16 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa dos incendios forestais de Galicia e o 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Por todo o anterior propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Sobrado redactado por SEAGA.*

SEGUNDO. *Someter o presente acordo a información pública por prazo de vinte días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante ese prazo calquera persoa física ou xurídica poderá examinar o expediente e presentar as alegacións e reclamacións que estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://sede.sobrado.es>*

TERCEIRO. De non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación será elevada a definitiva sen máis trámite, segundo o disposto no artigo 72 da Lei 39/2015, de un de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

CUARTO. Aprobado definitivamente será disporá un exemplar para a súa consulta pública na <https://sede.sobrado.es>

Sen máis intervencións sometese a votación a proposta que queda aprobada por unanimidade.

CUARTO.-RATIFICACIÓN DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº153/2020 DE 28/05/2020 SOBRE PARTICIPACIÓN NO POS+ADICIONAL 2/2020 PARA GASTO CORRENTE E Nº 152/2020 DE 28/05/2020 SOBRE PARTICIPACIÓN NO POS+ ADICIONAL1/2020 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19.

Dase conta das seguintes resolucións de alcaldía para a súa ratificación :

1. "RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL "POS+ ADICIONAL 2/2020" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
EXPEDIENTE: 2020/A007/000003**

ANTECEDENTES:

Vista a Circular de 30 de abril de 2020 sobre a aprobación da modificación das bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) para regula ro POS+Adicional 2/2020 para gasto corrente, e especificamente no que se refire ao POS+Adicional 2/2020 para gastos corrente se Investimentos financieramente sostibles.

*Visto que a achega provincial destinada ao financiamento deste Plan ascende a 15.000.000,00 e que o importe da achega asignada ao concello de Sobrado ascende a cantidade de **139.740,77 euros**.*

A vista do anterior, esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril,

RESOLVO:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2020" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	139.740,77

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL			

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	139.740,77		
Investimentos incluídos no			
Plan Complementario ao POS+ 2020			
Investimentos non incluídos no			
Plan Complementario ao POS+ 2020			
TOTAL	139.740,77		

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada **unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.**

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Ratificar a presente resolución no primeiro Pleno que se celebre”

2. "RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: SOLICITUDE DE PARTICIPACION NO POS+ADICIONAL 1/2020 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19.

EXPEDIENTE: 2020/G003/000160

Con data 5 de maio de 2020, no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº:66 , publícase a "Aprobación da modificación das Bases reguladoras do POS+ 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020 e do POS+Adicional 2/2020 Aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles"

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente,

RESOLVO

PRIMEIRO.- *Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ADICIONAL 1/2020" da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:*

<i>Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19</i>	<i>37.264,201€</i>
--	--------------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

<p>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</p> <p>DERIVADOS DO COVID-19</p> <p>Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</p>	<p>PREVISIÓN DE GASTOS 2020</p> <p>(A)</p>	<p>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</p> <p>(B)</p>	<p>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</p> <p>(Pode ser superior ao importe solicitado)</p> <p>(A-B)</p>
<p>a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia</p>			
<p>b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria</p>			
<p>c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos</p>			

<p>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</p> <p><i>DERIVADOS DO COVID-19</i></p> <p><i>Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</i></p>	<p>PREVISIÓN DE GASTOS 2020</p> <p>(A)</p>	<p>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</p> <p>(B)</p>	<p>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</p> <p><i>(Pode ser superior ao importe solicitado)</i></p> <p>(A-B)</p>
<p><i>de hixiene, e outros similares.</i></p>			
<p><i>d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados</i></p>			
<p><i>e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario</i></p>			
<p><i>f)Adquisición de medios de prevención (EPI).</i></p>	<p>13.705,59</p>	<p>0</p>	<p>20.000,00</p>
<p><i>g)Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás</i></p>	<p>6.000,00</p>	<p>0</p>	<p>20.000,00</p>

<p>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</p> <p><i>DERIVADOS DO COVID-19</i></p> <p><i>Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</i></p>	<p>PREVISIÓN DE GASTOS 2020</p> <p>(A)</p>	<p>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</p> <p>(B)</p>	<p>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</p> <p><i>(Pode ser superior ao importe solicitado)</i></p> <p>(A-B)</p>
<p><i>familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.</i></p>			
<p><i>h)Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que contén con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes</i></p>			
<p><i>i)Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.</i></p>	<p>17.558,61</p>	<p>0</p>	<p>30.000,00</p>

<p><i>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</i></p> <p><i>DERIVADOS DO COVID-19</i></p> <p><i>Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</i></p>	<p><i>PREVISIÓN DE GASTOS 2020</i></p>	<p><i>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</i></p>	<p><i>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</i></p> <p><i>(Pode ser superior ao importe solicitado)</i></p>
		(B)	(A-B)
TOTAL	37.264,20	0	70.000,00

SEGUNDO.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

TERCEIRO.- *Ratificar a presente resolución no primeiro pleno que se celebre”.*

Abrese o turno de intervencións pola sra. García que sinala que nos gastos do Covid non se recolle ningunha cantidade no apartado h) e quere saber para que é a consignación no apartado i) ao que o sr. alcalde responde que se meten gastos de desinfección da rede viaria, centro médico etc...

A sra. García afirma que se van a absterer porque hai unhas cantidades indefinidas e no apartado h) non se consigna ningunha cantidade.

Advirte a secretaria que se efectuou unha corrección de erros no decreto dos gastos do COVID.

Rematado o debate procédese a votación da ratificación das resolucións de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) , Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE)e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Abstención (2): María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

Como resultado da votación quedan ratificadas as resolucións da alcaldía .

QUINTO.-DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2019.

Dase conta da aprobación da liquidación do exercicio 2019 por resolución de alcaldía nº 127/2020 de 28.04.2020 que transcrita literalmente di:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2019

EXPEDIENTE: 2020/X999/000109

Expte Liquidación:

Logo de ver o expediente da liquidación do Orzamento deste Concello correspondente ao exercicio 2019 e tendo en conta os informes emitidos pola Secretaría-Intervención de data 27 de abril de 2020 ,nos que se advirte do incumprimento da regra de gasto e da estabilidade orzamentaria estando este concello obrigado a presentara un Plan económico financeiro ao Pleno no prazo dun mes dende que se constata dito incumprimento, en cumprimento co disposto no art. 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o art. 90 do Real Decreto 555/90, de 18 de abril polo que se desenvolve o cap. 1º do Tít. VI da Lei citada, esta Alcaldía ao amparo das atribucións que lle confire a normativa citada, RESOLVO:

PRIMEIRO: *Aprobar a Liquidación do orzamento municipal 2019, que presenta o seguinte resumo:*

GASTOS

CAPÍTULO	CRÉDITOS INICIAIS	MODIFICACIÓN	CRÉDITOS DEFINIT.	OBRIGAS RECOÑ. NETAS	OBRIG. PTES. PAGO	PAGOS LÍQUIDOS
I	559.981,00	444.563,61	1.044.544,61	915.306,60	14.038,79	901.267,81
II	867.356,00	1.181.348,80	2.048.704,80	1.962.094,06	99.377,63	1.862.716,43
III	250,00		250,00	24,00		24,00
IV	35.000,00	35.800,00	70.800,00	48.950,45	9.512,38	39.438,07
VI	308.351,91	1.205.973,87	1.514.325,78	898.759,61	5.968,91	892.790,70
TOTAL	1.770.938,91	2.867.686,28	4.638.625,19	3.825.134,72	128.897,71	3.696.237,01

INGRESOS

CAPÍTULO	PREVISIÓN INICIAL	MODIF.	PREVISIÓN DEFINITIVA	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACIÓN LÍQUIDA	PENDENTE DE COBRO
I	426.873,00		426.873,00	514.101,51	514.101,51	
II	15.000,00		15.000,00	122.899,67	122.899,67	
III	146.600,00		146.600,00	160.839,92	160.839,92	
IV	957.099,00	562.918,61	1.520.017,61	1.489.483,77	1.130.930,10	358.553,67
V	1.000,00		1.000,00	357,54	357,54	
VI						
VII	274.751,91	987.003,87	1.261.755,78	691.244,68	389.869,59	301.375,09
VIII		1.317.763,80	1.317.763,80			
TOTAL	1.821.323,91	2.867.686,28	4.689.010,19	2.978.927,09	2.318.998,33	659.928,76

RESULTADO ORZAMENTARIO:

RESULTADO ORZAMENTARIO:

1.-Dereitos netos..... 2.978.927,09 € **recoñecidos**

Operacións correntes..... 2.287.682,41 €

Operacións de capital..... 691.244,68 €

2.-Obrigas recoñecidas netas..... 3.825.134,72 €

Operacións correntes..... 2.926.375,11 €

Operacións de capital..... 898.759,61 €

1.-RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO(1-2)..... - 846.207,63 €

Axustes

3.-Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais.....

..... 1.062.127,15 €

4.-Desviacións negativas de financiamento do exercicio..... 84.310,12 €

5.-Desviacións positivas de financiamento do exercicio..... 21.844,92 €

II TOTAL DE AXUSTES (II=3+4-5)..... 1.124.592,35 €

III RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (III=I+II)..... 278.384,72 €

REMANENTE DE TESOURERÍA:

A.1.- FONDOS LÍQUIDOS 827.482,53 €

A.2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO 666.384,97 €

(+) De Orzamento de ingresos. Orzamento corrente 659.928,76 €

(+) De Orzamento de ingresos. Orzamento pechado 61,61 €

(+) Doutras Operacións non orzamentarias 6.394,60 €

A.3. OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO 186.560,09 €

(+) De Presuposto de Gastos. Orzamento Corrente 128.897,71 €

(+) De Presuposto de Gastos. Orzamento Pechados 22.577,67 €

(+) Doutras Operacións non Orzamentarias 35.084,71 €

A.4. PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN

(-) Cobros realizados ptes aplicación definitiva 0 €

(+) Pagos pendentes de aplicación 0 €

I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL. (1+2-3+4): 1.307.297,41 €

II. SALDOS DE DUDIDOSO COBRO 0 €

III. EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO 21.844,92 €

IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)

1.285.452,49 €

SEGUNDO: *Da presente Resolución e dos estados de liquidación darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre e remitirase tal información á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, de conformidade co establecido no artigo 193.4 e 5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais."*

O sr. alcalde afirma que consta informe favorable de secretaría-intervención.

Neste momento intervén a sr.secretaria para advertir que tamén hai que dar conta do informe de secretaría-intervención sobre o cumprimento da regra de gasto, estabilidade presupostaria e débeda no que consta que se incumpre o límite da regra de gasto e a estabilidade orzamentaria polo que é preciso que se aprobe un Plan económico-financeiro.

O sr. alcalde da conta de que se incumpre a regra de gasto por 946.256,88 € e a estabilidade presupostaria por -654.191,22 € e que se debe principalmente a que no ano 2017 houbo unha inexecución do gasto do presuposto moi importante e eso se arrastrou.

O pleno queda enterado.

SEXTO. -DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 218.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2014, DE 5 DE OUTUBRO , POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

En cumprimento do establecido no artigo 218.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dase conta do informe de Intervención de data 11.05.2020 , sobre totalas resolucións adoptadas polo Presidente da entidade local contrarias aos reparos de legalidade efectuados durante o exercicio 2019.

Intervén a sr. García e pregunta polos motivos dos reparos.

Contesta o sr. alcalde que principalmente por gastos sen cobertura legal.

Intervén de novo a sr. García que será porque os contratos están todos ilegales.

O pleno queda enterado

SETIMO.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE CONTROL INTERNO EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NO REAL DECRETO 424/2017, DE 28 DE ABRIL, POLO QUE SE REGULA O RÉXIME XURÍDICO DO CONTROL INTERNO DAS ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO LOCAL.

En cumprimento das atribucións de control establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e desenvolvidas polo Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local dase conta do informe emitido pola secretaria-interventora de data 13.05.2020 sobre o control interno no exercicio 2019.

O pleno queda enterado.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14.45 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE